

O sábado comezará no faro de Fisterra un programa que visitará trinta localidades

A música e a poesía percorreren os concellos das rutas xacobeas

SANTIAGO/LA VOZ. Un recital poético no faro de Fisterra, baixo o título *Camiño ao mar*, abrirá o próximo sábado *Camiños de amor e lúa*, un programa de poesía e música nos camiños de Santiago. O proxecto, auspiciado polo Xacobeo 2010, forma parte das actividades do Ano do Libro e da Lectura, e levará a música e a poesía a 30 concellos polos que discorren as nove rutas xacobeas. O obxectivo do programa, segundo puxo de manifesto onte o director xerente do Xacobeo, Ignacio Santos, é «achegar a poesía feita en Galicia aos peregrinos, aos turistas, pero tamén a todos os galegos».

Durante dous meses, terán lugar 30 actos poéticos e musicais, comezando polos concellos máis afastados de Compostela, ata finais de xullo, en que todos os espectáculos confluirán en concellos próximos á capital galega. Unha vez rematado este percorrido poético-musical, terá lugar un acto final en Santiago, que se celebrará o día 2 de xullo, no cemiterio do parque de Bonaval.

Camiños de amor e lúa artículase en torno a tres espectáculos nos que se combinan poesía e música: o que abre o programa este sábado, *Camiño ao mar*, que toma o nome dun poemario de Rivadulla Corcón; *Recital de amor e lúa*, a cargo do poeta Xosé Carlos Caneiro, e *Voces novas dos camiños*, no que participan tres novas poetas galegas



Xosé Carlos Caneiro fará o «Recital de amor e lúa» | OSCAR CORRAL

como María Lado, Olaia Cociña e María Canosa. Guillermo Janeiro, coordinador da iniciativa, explicou que os tres espectáculos, que poderán ser vistos no acto final do 2 de xullo, teñen unha duración de 50 minutos, sendo presentado cada un deles por unha persoa da localidade relacionada co mundo da cultura.

O escritor e columnista de *La Voz de Galicia* Xosé Carlos Caneiro dixo na presentación sentirse honrado de participar no programa e de que este leve o título do seu último poemario: *Camiños de amor e lúa*. «Síntome especialmente satisfeito —engadiu o poeta— porque es-

tas actividades conxugan dous desexos que veño manifestando ao longo da miña vida como escritor: por un lado, a parte lúdica da literatura, e por outro, a compoñente espiritual que debe levar intrínseca a literatura».

Os 30 concellos polos que discorrerá o programa *Camiños de amor e lúa* son, por orde cronolóxica, Fisterra, O Cebreiro, Oroso, Carral, Lourenzá, A Guadiña, A Guarda, Melide, Baleira, Ames, Tui, Verín, Muxía, Palas de Rei, Pontedeume, Redonde-la, Guitiriz, Baiona, Portomarín, Mazaricos, Laza, Arzúa, Allariz, Rois, O Pino, Ribadumia, Ribeira, Caldas de Reis, Pontecesures e Boqueixón.